



# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

## DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente, en funcións, do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección resultante da Acta da reunión do Tribunal Cualificador nomeado para levar a cabo as probas para a selección de dous peóns que prestarán servizos con carácter temporal no concello de Castro de Rei para a realización da obra subvencionada "Mantemento de xardíns e zonas verdes", ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, reguladora das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019.

Vista a cláusula décima das *Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga) para prestar servizos no concello de Castro de Rei (Lugo)*, aprobadas con data 8 de maio de 2019, por Decreto de Alcaldía Nº. 207/2019.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, a lista de aspirantes de reserva e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir dous postos de peón para a realización da obra/servizo denominada/o "Mantemento de xardíns e zonas verdes".

**Segundo.-** Aprobar a contratación dos seguintes aspirantes seleccionados para cubrir dous postos de peón para a realización da citada obra:

- D. Hammich Ahmed con NIE X4130002-F.
- D. José Gigán Barja con NIF 33852289S.

**Terceiro.-** Formalizar os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato temporal de traballos de interese social, en réxime de dedicación a tempo parcial (75% da xornada), por un período de 9 meses, comprendido entre os días 29 de maio de 2019 ata o día 28 do mes de febreiro 2020 (ambos incluídos).

**Cuarto.-** Instar aos candidatos seleccionados para que presenten, no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización dos contratos, a documentación que se relaciona na cláusula undécima das bases que rexen a convocatoria.

**Quinto.-** Determinar que a retribución dos traballadores relacionados que se van contratar para a realización da/o citada/o obra/servizo, que non está suxeita a ningún convenio é, en importe mensual, a da seguinte táboa:

NUM. TRAB	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos/)	CUSTO UNITARIO MENSUAL	CUSTOS TOTAIS
-----------	-----------	------------------------	------------------------	---------------

	GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.		OCUPACIÓN (letra)	SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	10		PEÓN	825,01	37,80	311,85	1.136,86	9	75%	20.463,48
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>				<b>825,01</b>	<b>37,80</b>	<b>311,85</b>	<b>1.136,86</b>	<b>9</b>	<b>75%</b>	<b>20.463,48</b>
<small>(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.</small>										

**Sexto.-** Publicar o presente decreto na páxina web [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal), para os efectos do disposto na cláusula décima das citadas bases que rexen a convocatoria.

(Asinado dixitalmente á marxe).